

# Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.<sup>1</sup>

## Exposición de motivos

### 1

A mellora da calidade de vida de toda a poboación e, especialmente, das persoas con mobilidade reducida foi un dos obxectivos fundamentais da actuación pública pola que foi aprobada a Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, posteriormente desenvolvida polo Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei e o Código de accesibilidade. Estas normas estableceron as bases para a supresión de barreiras na edificación, nos espazos urbanos, no transporte e na comunicación, e para a promoción da accesibilidade e a mellora da calidade de vida e a autonomía das persoas con discapacidade e mobilidade reducida.

Esta normativa comportou un importante avance en Galicia, aínda que, despois dos anos que transcorreron desde a súa promulgación, é necesario seguir avanzando para conseguir unha sociedade inclusiva e accesible que garanta a autonomía das persoas, que evite a discriminación e que favoreza a igualdade de oportunidades para todos os cidadáns, especialmente aquelas persoas que teñan unha discapacidade física, sensorial ou intelectual, as persoas maiores ou as que teñan calquera outra forma de diversidade que comporte unha dependencia funcional.

A Constitución española, no seu artigo 9.2, establece que os poderes públicos promoverán as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, removerán os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitarán a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social. Por outra parte, no seu artigo 49 establécese que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, aos que lles prestarán a atención especializada que requiran e aos que ampararán especialmente para o gozo dos dereitos que o título I lles outorga a todos os cidadáns. Así mesmo, o artigo 4.2 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelles aos poderes públicos de Galicia a promoción das condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

Por outra parte, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 3, establece como un dos obxectivos do Sistema galego de servizos sociais o de garantir a vida independente e a autonomía das persoas en situación de dependencia.

A Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, do 13 de decembro de 2006, ratificada polo Estado español e publicada no BOE o 21 de abril de 2008, establece o compromiso de promover, protexer e asegurar o pleno gozo dos dereitos humanos e liberdades fundamentais en condicións de igualdade por parte das persoas con

<sup>1</sup> Publicada no DOG núm. 241, do 17 de decembro de 2014.

discapacidade e de promover o respecto á súa dignidade inherente. A Convención convértese nun instrumento, con carácter vinculante, que defende e que garante os dereitos das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da vida, como son a educación, a saúde, o traballo, a cultura, o ocio e a participación social e económica, e considera a accesibilidade como un elemento transversal de cada un dos ámbitos.

## 2

Seguindo os obxectivos da Convención das Nacións Unidas, a Unión Europea elaborou a Estratexia europea sobre a discapacidade 2010-2020, co obxectivo de que todas as persoas con discapacidade poidan gozar dos seus dereitos e beneficiarse plenamente da súa participación na economía e na sociedade europeas. A Estratexia identifica oito áreas primordiais de actuación, a primeira das cales é a accesibilidade aos bens e servizos, en especial aos servizos públicos, e a utilización dos dispositivos de apoio ás persoas con discapacidade. En consecuencia, esta lei recoñece expresamente que, nun contorno accesible e sen barreiras, as persoas con discapacidade melloran, de forma significativa, as súas habilidades e a súa autonomía, incrementan a súa participación e autoxestión na vida diaria e social, evitan situacións de marginación, reducen a dependencia de terceiros e incrementan a prevención desta dependencia.

Así mesmo, recoñécese que a accesibilidade ao contorno ofrece oportunidades de mellora, ao dotar de condicións adecuadas os postos de traballo, os centros escolares, os establecementos, os comercios, os espazos culturais, os transportes, os produtos e os servizos. Uns maiores niveis de accesibilidade proporcionan máis actividade produtiva, especialmente de renovación de innovación e deseño, e incrementan o número de usuarios que, sen condicións favorables, non poderían participar.

A Estratexia europea 2010-2020 sinala, así mesmo, a conveniencia de regular a accesibilidade nos ámbitos da comunicación e da información, e en bens e servizos, que resultan ser dunha grande incidencia na autonomía das persoas con discapacidades sensoriais e na posibilidade de participar en igualdade de condicións ca o resto das persoas usuarias dos servizos. A grande evolución das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) que se ten producido nos últimos anos exige unha nova regulación normativa que as prevexa, sendo que a súa presenza en todas as situacións da vida diaria é constante, e visto que teñen sido un elemento esencial para lles permitir ás persoas con discapacidade ou con limitacións no acceso á información desenvolver unha vida normalizada e poder relacionarse, formarse, traballar e gozar do lecer e da cultura en todos os seus aspectos.

O marco legal estatal en materia de accesibilidade configurouse inicialmente a través da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social das persoas con discapacidade (Lismi), que sentou as bases para a eliminación de barreiras arquitectónicas e da comunicación e a promoción da accesibilidade. Desenvolveuse, principalmente, a través da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (LIONDAU), ditada ao abeiro da competencia exclusiva que se lle reserva ao Estado para garantir a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, conforme o artigo 149.1.1º da Constitución. A presente lei amplía os ámbitos de actuación ás telecomunicacións e á sociedade da información; espazos

públicos urbanizados, infraestruturas e edificacións; transportes; bens e servizos á disposición do público; e relacións coas administracións públicas. A lei baséase nos principios de vida independente, accesibilidade universal, deseño para todos, diálogo civil e transversalidade. Tamén establece as condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación, sen prexuízo das competencias constitucional e estatutariamente atribuídas ás comunidades autónomas, así como as atribuídas ás corporacións locais.

A partir da entrada en vigor da Lei 51/2003 prodúcese un amplo desenvolvemento regulamentario da normativa sobre accesibilidade, que dá lugar a unha pluralidade de normas, entre as cales cómpre subliñar as seguintes: o Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade; o Real decreto 1417/2006, do 1 de decembro, polo que se establece o sistema arbitral de queixas e reclamacións en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade por razón de discapacidade; o Real decreto 505/2007, do 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións; a Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados; o Real decreto 173/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Código técnico da edificación, aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo; o Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social; o Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación para o acceso e a utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade; o Real decreto 1612/2007, do 7 de decembro, polo que se regula o procedemento de voto accesible; e o Real decreto 422/2011, do 25 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para a participación na vida política e nos procesos electorais.

Doutra banda, en relación co réxime sancionador, a Lei estatal 49/2007, do 26 de decembro, pola que se establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, establece un réxime de infraccións e sancións, con carácter básico para todo o Estado, respectando os ámbitos de decisión propia que constitucionalmente lle corresponden ao lexislador autonómico para a plena garantía e protección das persoas con discapacidade.

Con posterioridade, a Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, modificou algunhas das normas relacionadas anteriormente para o cumprimento dos compromisos adquiridos coa ratificación da Convención.

En aplicación do previsto na disposición derradeira segunda da Lei 26/2011, que establece o mandato de refundición, regularización e harmonización das tres leis citadas con anterioridade, resulta a publicación do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, que responde ás modificacións experimentadas nestes anos na materia, así como ao substancial cambio do marco normativo dos dereitos das persoas con discapacidade.

A presente lei pretende constituír un texto integrador que permita desenvolver, nun corpo normativo único, a diversidade de disposicións de accesibilidade, que unifique, coordine e estableza os criterios de aplicación, execución e control, de acordo cos criterios de proporcionalidade e axustes razoables, no marco das condicións establecidas pola lexislación básica estatal e polas directrices internacionais.

O artigo 27 do Estatuto de autonomía, nos seus puntos 3, 7 e 8, atribúelle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda, e obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado ou cuxa execución ou explotación non afecte outra comunidade autónoma ou provincia, así como ferrocarrís e estradas non incorporadas á rede do Estado e cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma e, nos mesmos termos, o transporte levado a cabo por estes medios e por cable. Por outra banda, conforme o artigo 34.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, no marco das normas básicas do Estado, correspóndenlle á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de radiodifusión e televisión, nos termos e casos establecidos na lei que regule o estatuto xurídico de radio e televisión.

Así mesmo, a Comunidade Autónoma ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, segundo o artigo 27.23 do Estatuto de autonomía.

A presente Lei de accesibilidade dítase tendo en conta o Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, que prevé no artigo 23 que o Goberno, sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas e ás corporacións locais, regulará unhas condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación que lles garantan uns mesmos niveis de igualdade de oportunidades a todas as persoas con discapacidade, e sinala que tal regulación será gradual no tempo e no alcance e contido das obrigas impostas e que abranguerá todos os ámbitos e áreas das enumeradas no artigo 5. O Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, ditouse ao abeiro da competencia exclusiva do Estado para regular as condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes constitucionais, conforme o artigo 149.1.1º da Constitución. Doutra banda, a sección 2ª do capítulo II do título II dítase ao abeiro da competencia do Estado en materia de lexislación procesual, conforme o artigo 149.1.6º da Constitución.

Por todo o exposto, esta Lei de accesibilidade de Galicia ten como obxectivos acadar unha sociedade inclusiva e accesible que garanta a autonomía das persoas, evite a discriminación e favoreza a igualdade de oportunidades para toda a cidadanía, especialmente para as persoas que teñen discapacidades, nun marco demográfico tendente ao incremento da esperanza de vida e ao envellecemento da poboación; dispoñer dun marco normativo propio, simplificado e eficiente, en materia de accesibilidade, adecuado ás directrices internacionais e estatais, no exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia; e facer realidade o concepto de accesibilidade e deseño para todos, nos procesos, proxectos, produtos e servizos, de xeito que se facilite o uso universal, con plena seguridade, do medio físico, e que se eviten gastos posteriores de eliminación de barreiras.

### 3

Esta lei comprende un título preliminar e catro títulos, desenvolvidos en setenta artigos, ademais de oito disposicións adicionais, seis disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

O título preliminar establece o obxecto da lei, así como os seus principios e definicións. Este título comprende dous capítulos. No capítulo I recóllese o obxecto da lei e os principios en que se fundamenta, así como as definicións de conceptos que resultan necesarios para garantir unha interpretación axeitada desta lei. O capítulo II dedícase ao ámbito da lei, e establécese como novidade o ámbito da sociedade da información e das telecomunicacións e o acceso aos bens e servizos das administracións públicas.

O título I consta de seis capítulos. No capítulo I regúlanse as barreiras arquitectónicas urbanísticas e pormenorízanse os distintos elementos que acompañan a urbanización e os espazos públicos, así como o mobiliario urbano. No capítulo II contéñense as disposicións sobre barreiras na edificación, e establécese un réxime diferente cando se trata de edificios de uso público e de edificios de titularidade privada, residenciais ou non residenciais; ademais, regúlanse os requisitos de accesibilidade no caso de vivendas para persoas con discapacidade, que se fan extensivos a todas aquelas vivendas sometidas a algún réxime de axuda pública. O capítulo III dedícase ás barreiras no transporte público, e establécese dous tipos de tarxetas de accesibilidade: a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, que se lles concederá ás persoas con mobilidade reducida, de cara a favorecer o uso e o aproveitamento dos transportes privados; e a tarxeta de accesibilidade de persoas usuarias, que se lles outorgará ás persoas con algunha limitación, de cara a favorecer o uso e o aproveitamento dos transportes colectivos. O capítulo IV, referido ás barreiras na comunicación, recolle a necesidade de facer accesibles os sistemas de comunicación e de sinalización a toda a poboación. O capítulo V regula o símbolo internacional de accesibilidade, co obxecto de identificar o acceso e a posibilidade de uso de espazos, instalacións e servizos accesibles. E o capítulo VI aborda a accesibilidade e o deseño para todos no acceso aos bens e servizos das administracións públicas, así como as relacións con estas.

O título II recolle as distintas medidas de control que competen tanto á Administración autonómica como ás administracións locais e aos distintos colexios profesionais.

O título III, baixo a rúbrica «Réxime sancionador», establece o concepto de infracción, no que se introduce a definición de infracción continuada, a súa clasificación en moi graves, graves e leves e as figuras da reincidencia e reiteración. Introdúcese a posibilidade de aplicar circunstancias atenuantes; regúlase o tipo de sancións, entre as cales se establecen as sancións accesorias, así como as multas coercitivas como medio de execución forzosa, e, ademais, establécese a actualización da contía das sancións, a súa graduación e os suxeitos responsables. No referente ao procedemento sancionador, faise unha remisión ás normas contidas nos artigos 134 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e ás súas normas de desenvolvemento. Convén salientar a consideración de interesadas das asociacións, federacións e fundacións relacionadas co ámbito da discapacidade. Regúlanse de maneira concreta o inicio, as actuacións previas, o arquivamento de actuacións, a colaboración entre administracións públicas no

procedemento e a posibilidade de adopción de medidas provisionais. Por último, establécense os prazos de prescrición das infraccións e sancións e o cómputo destes.

O título IV dedícase ao Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras, órgano de participación e consulta en materia de accesibilidade, e á Comisión Técnica de Accesibilidade, órgano administrativo competente para a tramitación dos expedientes sancionadores derivados da aplicación da presente lei e da súa normativa de desenvolvemento, adscritos ambos ao departamento da Administración autonómica competente en materia de atención ás persoas con discapacidade.

O anteproxecto desta lei someteuse ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia e do Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei de accesibilidade.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposicións xerais

## CAPÍTULO I

### Obxecto, principios e definicións

#### Artigo 1. *Obxecto*

Esta lei ten por obxecto garantirles ás persoas con discapacidade a igualdade de oportunidades en relación coa accesibilidade universal e co deseño para todos respecto dos contornos, procesos, bens, produtos e servizos, así como en relación cos obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, de modo que estes se fagan comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas, en igualdade de condicións de seguridade e comodidade e do xeito máis autónomo e natural posible.

#### Artigo 2. *Principios*

Esta lei fundaméntase nos seguintes principios:

a) Accesibilidade universal. É a condición que deben cumprir os contornos, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, para seren comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade

e comodidade e do xeito máis autónomo e natural posible. Este principio presupón a estratexia de deseño por todas as persoas e enténdese sen prexuízo dos axustes razoables que deban adoptarse.

b) Deseño para todas as persoas. A actividade pola que se conciben ou proxectan, desde a orixe, e sempre que sexa posible, contornos, procesos, bens, produtos, servizos, obxectos, instrumentos, dispositivos ou ferramentas, de tal xeito que poidan ser utilizados por todas as persoas, na maior extensión posible, sen necesidade de adaptación nin de deseño especializado.

c) Inclusión social. É o proceso a través do cal as persoas participan plenamente da sociedade na que viven e na vida económica, política e cultural. O concepto de participación enténdese como un proceso a través do cal se ten control sobre as iniciativas, as decisións e os recursos que afectan a vida social, política, económica e cultural. A inclusión social dá lugar ás seguintes actuacións:

1º. Cambios no marco lexislativo.

2º. Participación das propias persoas con discapacidade e das súas familias ou das organizacións representativas.

3º. Promoción de habilidades e capacidades do colectivo de persoas con discapacidade.

4º. Creación e fortalecemento de vínculos comunitarios.

5º. Redución dos factores de vulnerabilidade derivados da situación de discapacidade.

6º. Estimulación da innovación e optimización no aproveitamento dos recursos.

7º. Prioridade nos obxectivos cualitativos sobre os cuantitativos.

8º. Formulación dun enfoque multidimensional e interdisciplinar.

9º. Deseño de respostas específicas para as necesidades particulares.

10º. Promoción da implicación ao máximo dos seguintes axentes: institucións, entidades e organizacións representativas.

d) Igualdade de oportunidades. É a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por motivo de ou sobre a base da discapacidade, incluída calquera distinción, exclusión ou restrición que teña o propósito ou o efecto de obstaculizar ou de deixar sen efecto o recoñecemento, o gozo ou o exercicio, en igualdade de condicións, por parte das persoas con discapacidade, de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais nos ámbitos político, económico, social, cultural, civil ou doutro tipo. E enténdese por igualdade de oportunidades a adopción de medidas de acción positiva orientadas a evitar ou a compensar as desvantaxes dunha persoa con discapacidade para participar plenamente na vida política, económica, cultural e social.

e) Vida independente. É a situación na que a persoa con discapacidade exerce o poder de decisión sobre a súa propia existencia e participa activamente na vida da súa comunidade, conforme o dereito ao libre desenvolvemento da personalidade.

f) Diálogo civil. É o principio en virtude do cal as organizacións representativas das persoas con discapacidade e das súas familias participan, nos termos que establezan as leis e demais disposicións normativas, na elaboración, execución, seguimento e avaliación das políticas oficiais que se desenvolvan na esfera das persoas con discapacidade. Estas garantirán, en todo caso, o dereito dos nenos e das nenas con discapacidade a expresaren a súa opinión libremente sobre todas as cuestións que os afecten e a recibiren asistencia adecuada de acordo coa súa discapacidade e idade para poder exercer ese dereito.

g) Normalización. É o principio en virtude do cal as persoas con discapacidade deben poder levar unha vida normal e acceder aos mesmos lugares, ámbitos, bens e servizos que estean á disposición de calquera outra persoa.

h) Transversalidade das políticas en materia de discapacidade. É o principio en virtude do cal as actuacións que desenvolven as administracións públicas non se limitan unicamente a plans, programas e accións específicos pensados exclusivamente para estas persoas, senón que comprenden as políticas e as liñas de acción de carácter xeral en calquera dos ámbitos de actuación pública, onde se terán en conta as necesidades e as demandas das persoas con discapacidade.

### Artigo 3. *Definicións*

Para os efectos desta lei, enténdese por:

a) Accesibilidade: conxunto de características que teñen que reunir os contornos, procesos, produtos e servizos, así como os obxectos e instrumentos, as ferramentas e os dispositivos, para seren comprensibles e utilizables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible.

b) Accesible: condición dun contorno, produto ou servizo que se axusta aos requirimentos funcionais, dimensionais, de iluminación e de comunicación que garantan a súa utilización autónoma, segura e con comodidade para todas as persoas.

c) Axustes razoables: medidas de adecuación do contorno físico e social e actitudinal ás necesidades específicas das persoas con discapacidade que, de xeito eficaz e práctico e sen que supoñan unha carga desproporcionada, faciliten a accesibilidade ou a participación dunha persoa con discapacidade en igualdade de condicións que o resto da cidadanía. Para determinar se unha carga é ou non proporcionada, teranse en conta os custos da medida, os efectos discriminatorios que supoña a súa non adopción para as persoas con discapacidade, a estrutura e as características da persoa, entidade ou organización que ha de poñela en práctica e a posibilidade que teña de obter financiamento oficial ou calquera outra axuda.



d) Barreiras: impedimentos, atrancos ou obstáculos que limiten o acceso ao contorno físico, ao transporte, aos produtos, aos servizos, á información e ás comunicacións. Distínguense os grupos seguintes:

1º. Barreiras arquitectónicas: impedimentos, atrancos ou obstáculos físicos que limitan ou impiden a interacción da persoa co contorno.

2º. Barreiras na comunicación: impedimentos para a expresión e a recepción de información ou mensaxes, sexa por comunicación directa ou a través dos medios de comunicación.

3º. Barreiras actitudinais: actitudes ou omisións que, directa ou indirectamente, xeran unha situación discriminatoria ao obstaculizar o gozo dos dereitos da persoa con discapacidade en igualdade de condicións respecto doutra en situación análoga.

e) Deseño para todas as persoas: deseño de contornos, produtos, servizos, procesos, obxectos, instrumentos ou ferramentas que garantan que estes poden ser utilizados por todas as persoas na maior medida posible, sen necesidade de adaptación. O deseño universal non exclúe os produtos de apoio para grupos particulares de persoas con discapacidade cando sexan necesarios.

f) Espazos públicos urbanizados: conxunto de espazos peonís e vehiculares, de paso ou estancia, que forman parte do dominio público ou que están destinados ao uso público de forma permanente ou temporal.

g) Espazos libres públicos: áreas de uso público non edificadas, diferentes dos itinerarios.

h) Itinerario peonil: parte da área de uso peonil destinada especificamente ao tránsito de persoas, incluídas as zonas compartidas, de forma permanente ou temporal, entre estas e os vehículos.

i) Medidas de apoio: aquelas que actúan como intermediario entre o contorno e a persoa con discapacidade, que lle permiten mellorar a calidade de vida e/ou incrementar a autonomía persoal. Clasifícanse en:

1º. Produtos de apoio: instrumento ou dispositivo que lles permite ás persoas con discapacidade efectuar actividades que sen esta axuda non poderían facer ou que requirirían un grande esforzo para a súa realización.

2º. Apoio persoal: persoa preparada para facilitar a comunicación e/ou a mobilidade das persoas con discapacidade, como un intérprete de signos ou un asistente persoal.

3º. Apoio animal: animal adestrado especialmente para cubrir as necesidades concretas dunha persoa con discapacidade, como un can de asistencia.

j) Mobiliario urbano: conxunto de elementos existentes nos espazos públicos urbanizados e áreas de uso peonil cuxa modificación ou traslado non xere modificacións substanciais.

k) Obras de ampliación, modificación, reforma ou rehabilitación: obras que alteren a configuración arquitectónica dos edificios, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, da volumetría ou do conxunto do sistema estrutural, ou que teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.

l) Obra de nova construción: obras de edificación, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e que se desenvolvan nunha soa planta.

m) Discapacidade: situación que resulta da interacción entre as persoas con deficiencias previsiblemente permanentes e calquera tipo de barreiras que limiten ou impidan a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións que as demais persoas.

Distínguense os grupos seguintes:

1º. Discapacidade física: discapacidade que dificulta ou impide a mobilidade ou o movemento do corpo, ou de parte do corpo, nas actividades básicas da vida diaria. Inclúense as discapacidades de orixe orgánica.

2º. Discapacidade sensorial: discapacidade que afecta un ou máis sentidos á vez. En función do sentido afectado, distínguense:

1. Discapacidade visual: ausencia ou diminución da capacidade de ver, que dificulta ou impide a realización normal das tarefas visuais e que provoca dificultades de interacción entre o suxeito afectado e o seu contorno. Inclúe a cegueira total e a baixa visión nos seus diferentes graos.

2. Discapacidade auditiva: falta total ou parcial para percibir as formas acústicas.

3. Xordocegueira: combinación de discapacidade visual e auditiva, en diferentes graos. Comporta dificultades para a comunicación, o desprazamento e o acceso á información.

3º. Discapacidade intelectual: funcionamento intelectual inferior á media da poboación, con perturbacións na aprendizaxe, na maduración e no axuste social.

4º. Discapacidade mental: discapacidade que padecen as persoas afectadas por trastornos cognitivos, de afectividade ou de conduta que, pola súa intensidade ou gravidade, presentan necesidades de apoio psicolóxico e de socialización.

n) Persoas con mobilidade reducida: persoas que teñen limitada a posibilidade de desprazarse ou de interactuar co contorno con seguridade e autonomía, por causa dunha determinada discapacidade física, sensorial ou intelectual.

ñ) Transporte público: medios de transporte que poden ser utilizados polo público en xeral, sexa ou non sexa mediante o pagamento dun prezo ou similar, para poder desprazarse entre dous lugares e que se levan a cabo por un terceiro. A consideración de transporte público

inclúe tanto material móbil coma edificios e/ou infraestruturas, xa sexan en superficie ou subterráneas, ao servizo daquel.

o) Uso residencial de vivenda: uso destinado a satisfacer, con carácter permanente, as necesidades de habitación das persoas mediante a utilización de vivendas.

p) Discriminación directa: situación na que se atopa unha persoa con discapacidade cando é tratada de maneira menos favorable que outra en situación análoga por motivo de ou por razón da súa discapacidade.

q) Discriminación indirecta: existe cando unha disposición legal ou regulamentaria, unha cláusula convencional ou contractual, un pacto individual, unha decisión unilateral ou un criterio ou práctica, ou ben un contorno, produto ou servizo, aparentemente neutros, poidan ocasionar unha desvantaxe particular a unha persoa respecto doutras por motivo de ou por razón de discapacidade, sempre que obxectivamente non respondan a unha finalidade lexítima e que os medios para a consecución desta finalidade non sexan adecuados e necesarios.

r) Discriminación por asociación: existe cando unha persoa ou grupo no que se integra é obxecto dun trato discriminatorio debido á súa relación con outra por motivo ou por razón de discapacidade.

s) Acoso: é toda conduta non desexada relacionada coa discapacidade dunha persoa que teña por obxecto ou consecuencia atentar contra a súa dignidade ou crear un contorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante, ofensivo ou segregador.

## CAPÍTULO II

### Ámbito de aplicación

#### Artigo 4. Ámbito de aplicación

Están sometidas ás previsións desta lei todas as actuacións levadas a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia por entidades públicas ou privadas, así como polas persoas individuais, en materia de:

- a) Espazos públicos urbanizados, infraestruturas e edificación.
- b) Transportes.
- c) Telecomunicacións e sociedade da información.
- d) Bens e servizos á disposición do público e relacións coas administracións públicas.

## TÍTULO I

### Barreiras arquitectónicas, no transporte e na comunicación. Símbolo internacional de accesibilidade

## CAPÍTULO I

### Disposicións sobre as condicións de accesibilidade para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados

#### Sección 1ª. Características das urbanizacións

##### Artigo 5. *Accesibilidade en espazos públicos urbanizados*

1. As vías públicas, os parques e os demais espazos de uso público deberán ser proxectados, construídos, restaurados, mantidos, utilizados e reurbanizados de forma que resulten accesibles para todas as persoas. Para iso, os criterios básicos que se establecen nesta lei, e na súa normativa de desenvolvemento, deberán ser recollidos nos plans de desenvolvemento (plans de sectorización, plans parciais, plans especiais e estudos de detalle) ou nos plans xerais de ordenación, cando incorporen a ordenación detallada dun ámbito de desenvolvemento.
2. En zonas urbanas consolidadas, cando non se poida cumprir algunha destas condicións, formularanse as solucións alternativas que garantan a máxima accesibilidade posible, para o cal se requirirá o ditame favorable da Comisión Técnica de Accesibilidade.
3. Nos informes técnicos que se emitan con carácter previo á aprobación definitiva dos instrumentos de planeamento deberá facerse constancia expresa, con mención desta lei, de que se cumpren os criterios exixidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.
4. As vías públicas, os parques e os demais espazos de uso público existentes, así como as respectivas instalacións de servizos e mobiliario urbanos, deberán ser adaptados gradualmente, de acordo cunha orde de prioridades que terá en conta a maior eficacia e a concorrencia ou o tránsito de persoas e as regras e condicións previstas regulamentariamente, e sen prexuízo dos prazos establecidos na normativa básica estatal de aplicación.

Para tal efecto, os entes locais terán que elaborar plans estratéxicos municipais de accesibilidade con formulación das actuacións para adaptar as vías públicas, os parques e os demais espazos de uso público ás normas de accesibilidade. Con esta finalidade, os proxectos de orzamentos dos entes públicos deberán conter, en cada exercicio orzamentario, as consignacións específicas para o financiamento destas adaptacións, dentro das dispoñibilidades orzamentarias.<sup>2</sup>

<sup>2</sup> Redacción do número 4 dada polo artigo 25 da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 19, do 29 de xaneiro de 2021).

## Artigo 6. *Itinerarios*

1. Os itinerarios peonís, como parte da área de uso peonil destinada especificamente ao tránsito de persoas, incluíndo as zonas compartidas de modo permanente ou temporal entre estas e os vehículos, deseñaranse e realizaranse de forma que resulten accesibles a calquera persoa e garantan un uso non discriminatorio.

2. Para estes efectos, estableceranse regulamentariamente os diferentes parámetros e características que aqueles deben ter para ser considerados accesibles e deberán prever, como mínimo, os seguintes aspectos, sen prexuízo de que existan maiores exixencias contidas noutras normas de obrigado cumprimento:

- a) Largura mínima libre de obstáculos.
- b) Pendente máxima lonxitudinal.
- c) Pendente máxima transversal.
- d) Dimensión de vaos e illotes.
- e) Dimensións de pasos de peóns.
- f) Dimensións e características de escaleiras e ramplas destinadas a salvar desniveis.
- g) Limitacións aos vehículos, especialmente aos motorizados.
- h) Nivel mínimo de iluminación.
- i) Características do pavimento.
- j) Condicións de comunicación e sinalización.

## Artigo 7. *Parques, xardíns e espazos libres públicos*

1. Os parques, os xardíns e os demais espazos libres de uso público deseñaranse e realizaranse de forma que lle resulten accesibles a calquera persoa, e axustaranse aos criterios que se establezan regulamentariamente.

2. Cando nestes espazos se instalen, de forma permanente ou temporal, cabinas de aseo público nas áreas peonís, estas deberán ser accesibles cumprindo coas normas de accesibilidade universal que emanan desta lei e do posterior desenvolvemento regulamentario.

#### Artigo 8. *Aparcadoiros*

1. En todas as zonas destinadas ao estacionamento de vehículos lixeiros, estean situadas en superficie ou subterráneas, que se sitúen en vías ou espazos de uso público reservaranse, con carácter permanente e tan cerca como sexa posible dos accesos peonís, prazas debidamente sinalizadas para vehículos que transporten persoas con mobilidade reducida; como mínimo, reservaranse unha de cada corenta prazas ou fracción. O número total destas prazas non se verá afectado polas políticas restritivas do aparcadoiro que se leven a cabo para fomentar a mobilidade sustentable.
2. Os accesos peonís a estas prazas cumprirán as condicións exixidas para ser accesibles.
3. As prazas reservadas para o uso de persoas con mobilidade reducida deberán cumprir as especificacións e posuír as dimensións que se establezan regulamentariamente.

### Sección 2ª. Características dos elementos de urbanización

#### Artigo 9. *Elementos de urbanización*

1. Considéranse elementos de urbanización as pezas, partes e obxectos recoñecibles individualmente que compoñen o espazo público urbanizado, tales como pavimentación, saneamento, rede de sumidoiros, distribución da enerxía eléctrica, gas, redes de telecomunicacións, subministración e distribución de augas, iluminación pública, xardinaría e todas aquelas que materialicen as previsións dos instrumentos de ordenación urbanística.
2. O deseño, a colocación e o mantemento dos elementos de urbanización que deban colocarse en áreas de uso peonil garantirán a seguridade, a accesibilidade, a autonomía e a non-discriminación de todas as persoas, nos termos que se establezan regulamentariamente.

### Sección 3ª. Características do mobiliario urbano

#### Artigo 10. *Normas xerais*

Todos os elementos de mobiliario urbano de uso público se deseñarán e localizarán para que poidan ser utilizados de forma autónoma e segura por todas as persoas, e dispoñeranse de xeito que non se invada o ámbito de paso, nin no plano do chan nin en altura, dos itinerarios peonís.

#### Artigo 11. *Sinais e elementos verticais*

1. Os sinais de tránsito, semáforos, postes de iluminación ou calquera outro elemento vertical de sinalización que se sitúe nun itinerario peonil deseñaranse e localizaranse de maneira

que non obstaculicen a circulación de calquera persoa e que permitan ser usados coa máxima comodidade.

2. Regulamentariamente estableceranse os parámetros e as características que estes elementos deberán cumprir para ser considerados accesibles e comprensibles, e en todo caso, deberán prever, como mínimo, a altura libre baixo os sinais, a colocación nas beirarrúas e a situación de pulsadores e mecanismos manuais, así como a implementación de técnicas como a lectura fácil ou o emprego de pictogramas sinxelos.

#### Artigo 12. *Elementos vinculados a actividades comerciais*

A disposición de quioscos, terrazas de bares e outras instalacións similares que ocupen parcialmente as beirarrúas ou os espazos públicos deberán permitir, en todos os casos, o tránsito peonil, e axustaranse ás normas establecidas para os itinerarios peonís. Estes elementos deberán ser accesibles a todas as persoas.

#### Artigo 13. *Outros elementos de mobiliario urbano*

1. Os elementos de mobiliario urbano, tales como cabinas ou fornelas telefónicas, caixeiros automáticos, máquinas expendedoras e informativas e outros elementos análogos que requirán manipulación, instalados en áreas de uso peonil, deberán ser accesibles e deseñaranse e localizaranse de maneira que non obstaculicen a circulación das persoas e que permitan ser usados coa máxima comodidade.

2. Tamén deberán ser accesibles en canto ao deseño e á situación as papeleiras, as caixas de correo e outros elementos análogos, e, así mesmo, deben estar dispostos de xeito que non interfiran o tránsito peonil.

3. Iguais condicións deberán posuír os elementos saíntes que se sitúen nun espazo peonil, tales como toldos e outros análogos, que deberán evitar, en todo caso, ser un obstáculo para a libre circulación das persoas.

Para estes efectos, estableceranse regulamentariamente os diferentes parámetros e características que aqueles deben ter para ser considerados accesibles, e, en todo caso, deberán prever, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Altura de mecanismos e zonas de uso.
- b) Localización nas beirarrúas.
- c) Situación de interruptores e mecanismos manuais.
- d) Sinalización facilmente comprensible.
- e) Altura libre mínima baixo saíntes.

#### Artigo 14. *Sinalización e información accesibles*

1. Garantirase a fácil localización dos principais espazos e equipamentos do contorno, mediante a sinalización direccional que garanta a súa lectura por parte dos peóns desde os itinerarios peonís, e facilitarase a súa orientación dentro do espazo público en lectura fácil e con pictogramas sinxelos. En especial, teranse en conta o tamaño, a cor do rótulo, a inexistencia de cegamento, a posición, a altura e a orientación deste, e a inexistencia de obstáculos que impidan ou dificulten a súa lectura. Nos espazos en que así se determine, completarase esta sinalización con mapas urbanos e puntos de información que faciliten a orientación e o desenvolvemento autónomo e comprensible polo espazo público.

2. Os itinerarios peonís dispoñerán dunha completa sinalización que asegure a situación e a orientación dos peóns con calquera tipo de discapacidade. En particular, facilitarase a orientación no espazo público, coa colocación sistemática e axeitada de placas do nome da rúa e do número dos edificios que garantan a súa lexibilidade.

### Sección 4ª. Obras na vía pública

#### Artigo 15. *Obras e intervencións na vía pública*

1. No caso de obras, públicas ou privadas, ou outras intervencións que afecten a vía pública, garantiranse unhas condicións suficientes de accesibilidade e seguridade aos peóns, en particular no relativo á delimitación das obras, que se realizará con elementos estables, ríxidos e facilmente detectables, de xeito que se garanta a seguridade do peón.

2. Nos itinerarios peonís das obras e intervencións garantirase un paso continuo e seguro, sen resaltes no chan e sen elementos saíntes. Se as obras e intervencións non permiten manter o itinerario peonil accesible habitual, instalarase un itinerario peonil accesible alternativo, debidamente sinalizado, que deberá garantir a continuidade nos encontros entre este e o itinerario peonil habitual, non se aceptando en ningún caso a existencia de resaltes.

3. As zonas de obras dispoñerán dunha sinalización adecuada e rigorosa de delimitación, advertencia e perigo, que debe ser perceptible por persoas con calquera tipo de discapacidade. Garantirase a iluminación en todo o percorrido do itinerario da zona de obras.



## CAPÍTULO II

### Disposicións sobre accesibilidade na edificación

#### Sección 1ª. Edificios de uso público

##### Artigo 16. *Accesibilidade en edificios de uso público*

1. Considéranse edificios, establecementos ou instalacións de uso público aqueles destinados a un uso que implique concorrencia de público para a realización de actividades de interese social, recreativo, deportivo, cultural, educativo, comercial, administrativo, asistencial, residencial, relixioso, sanitario ou outras análogas ou polo público en xeral.
2. Os edificios de titularidade pública ou privada destinados a uso público proxectaranse, construíranse, reformaranse, manteranse e utilizaranse de forma que garantan que estes resulten accesibles, nas condicións que se determinen regulamentariamente.
3. Nas ampliacións ou nas reformas dos edificios de uso público que requiran para a súa adaptación medios técnicos ou económicos desproporcionados, poderanse adoptar excepcionalmente solucións alternativas ás exixencias incluídas nesta lei, que requirirán o ditame favorable da Comisión Técnica de Accesibilidade.

##### Artigo 17. *Reserva de prazas de aparcamento*

Nos aparcadoiros que dan servizo aos edificios de uso público establecerase regulamentariamente o mínimo de prazas que se deberán reservar, debidamente sinalizadas, para o seu uso por persoas con mobilidade reducida, así como a súa localización e os seus accesos. Este mínimo de prazas será independente da capacidade dos aparcadoiros, de tal xeito que non se verá afectado polas políticas restritivas do aparcadoiro que se leven a cabo para fomentar a mobilidade sustentable.

##### Artigo 18. *Accesos ao interior dos edificios*

Os accesos a todo edificio deberán garantir a accesibilidade ao seu interior mediante itinerarios accesibles facilmente localizables que o comuniquen coa vía pública e coas prazas accesibles de aparcamento. Cando existan varios edificios integrados nun mesmo complexo, estarán comunicados entre si e coas zonas comúns mediante itinerarios accesibles.

### Artigo 19. *Comunicación horizontal*

1. Os espazos que alberguen os diferentes usos ou servizos dun edificio público terán características tales que lles permitan a súa utilización independente ás persoas con discapacidade e estarán comunicados por itinerarios accesibles e comprensibles.
2. Existirá polo menos un itinerario accesible a nivel que comunique entre si todo punto accesible situado nunha mesma cota, o acceso e a saída da planta, as zonas de refuxio que existan nela e os núcleos de comunicación vertical accesible.
3. Ao longo de todo o percorrido horizontal accesible quedarán garantidos os seguintes requisitos:
  - a) A circulación de persoas en cadeira de rodas.
  - b) A adecuación da pavimentación para limitar o risco de esvarón e para lles facilitar o desprazamento ás persoas con discapacidade.
  - c) A comunicación visual de determinados espazos, segundo o seu uso, atendendo as necesidades das persoas con discapacidade auditiva.

### Artigo 20. *Mobilidade vertical*

1. Entre os espazos accesibles situados en cotas distintas existirá polo menos un itinerario accesible entre os diferentes niveis que contará, como mínimo, cun medio accesible alternativo ás escaleiras. Os edificios de uso público de máis dunha planta contarán sempre con ascensor ou rampla accesible.
2. Dispoñerase en cada planta, fronte á porta do ascensor, do espazo que lles permita o acceso aos usuarios e usuarias en cadeira de rodas ou a persoas con discapacidade con outras axudas técnicas, excepto cando o espazo dispoñible non o permita no caso de edificios existentes.
3. Dispoñeranse elementos de información que permitan a orientación e o uso das escaleiras, as rampas e os ascensores a todas as persoas con independencia da súa discapacidade.

### Artigo 21. *Aseos*

Os edificios de uso público dispoñerán de aseos accesibles nas zonas de uso público, nos termos que se establezan regulamentariamente e procurando a existencia de aseos femininos e masculinos.

### Artigo 22. *Reserva de espazos*

1. Nos salóns de actos e salas de espectáculos e locais con asentos fixos dispoñeranse asentos convertibles, ben sinalizados e localizables, ao carón do itinerario accesible, para uso das persoas con mobilidade reducida ou con discapacidade sensorial; nestes mesmos espazos e nas zonas de espera con asentos fixos dispoñerase de prazas reservadas para persoas usuarias de cadeira de rodas.
2. Nestas mesmas zonas habilitarase tamén unha zona onde estea instalado, sinalado de forma axeitada, un bucle de indución ou un sistema alternativo que garanta a accesibilidade a persoas con discapacidade auditiva.
3. Os ditos espazos deberán contar con dispositivos e novas tecnoloxías que faciliten a súa interacción e utilización por parte de todas as persoas, considerando de forma específica a atención ás persoas con discapacidade sensorial ou cognitiva.
4. As persoas con diversidade funcional que teñan como medida de apoio cans gozarán plenamente do dereito a facer uso deste tipo de espazos, sen que se poida ver limitada a súa liberdade de circulación e acceso por esta causa.

### Artigo 23. *Utilización accesible do mobiliario*

As características do mobiliario fixo e dos elementos de información e comunicación, así como a disposición deles, permitirán o seu uso a calquera persoa.

## Sección 2ª. Edificios de titularidade privada

### Artigo 24. *Accesibilidade en edificios de titularidade privada de uso residencial de vivenda*

1. Accesibilidade no exterior do edificio: a parcela dispoñerá, canto menos, dun itinerario accesible que comunique a entrada principal ao edificio e, en conxuntos de vivendas unifamiliares, unha entrada á zona privativa de cada vivenda coa vía pública e coas zonas comúns exteriores, tales como aparcadoiros exteriores propios do edificio, xardíns, piscinas, zonas deportivas, etc.
2. Accesibilidade entre plantas do edificio: os edificios de nova construción e as vivendas plurifamiliares ou unifamiliares deberán ter itinerarios accesibles que permitan a comunicación entre a vía pública, a entrada a cada vivenda e as dependencias e as zonas de uso comunitario que estean ao seu servizo mediante itinerarios accesibles. No caso das vivendas unifamiliares e nos edificios plurifamiliares que se establezan regulamentariamente, o itinerario accesible que comunique a vía pública e a entrada á vivenda pódese substituír por unha previsión dun espazo suficiente que permita no futuro a instalación dos produtos de soporte necesarios. Os conxuntos residenciais formados por vivendas unifamiliares considéranse edificios plurifamiliares en canto ás condicións de accesibilidade que deben cumprir as súas zonas comúns.

3. Accesibilidade nas plantas do edificio: os edificios dispoñerán dun itinerario accesible que comunique o acceso accesible a toda planta (entrada principal accesible ao edificio, ascensor accesible, rampla accesible) coas vivendas, coas zonas de uso comunitario e cos elementos asociados a vivendas accesibles, tales como rochos, prazas de aparcamento accesibles, etc., situados na mesma planta.

4. Os proxectos de reforma, rehabilitación ou restauración de edificios de titularidade privada de uso residencial de vivenda que afecten unha porcentaxe da superficie inicial superior á que se estableza regulamentariamente ou que sexan obxecto de cambio de uso deberán realizar as obras necesarias para adecuarse ás condicións de accesibilidade que se determinen regulamentariamente para cada suposto, en función do uso, da superficie e do grao de intervención. Naqueles casos en que o custo derivado da adaptación ao cumprimento destes requisitos resulte desproporcionado respecto do custo total da obra, realizarase unha proposta alternativa, que requirirá o ditame favorable da Comisión Técnica de Accesibilidade.

5. En calquera caso, as reformas realizadas non poderán menoscabar as condicións de accesibilidade existentes.

6. No que respecta ás obras de adaptación que leven a cabo as persoas titulares ou as persoas usuarias de vivendas, haberá que aterse ao disposto na Lei 15/1995, do 30 de maio, sobre límites do dominio sobre inmobles para eliminar barreiras arquitectónicas ás persoas con discapacidade.

### Sección 3ª. Información, sinalización e seguridade no caso de incendio

#### Artigo 25. Información e sinalización

1. Os edificios de titularidade privada dispoñerán da información, da sinalización e da iluminación que sexan necesarias para facilitar a localización das distintas áreas e dos itinerarios accesibles, así como a utilización do edificio en condicións de seguridade por calquera persoa.

2. A información de seguridade estará situada nun lugar de fácil localización e permitirá a súa comprensión para todo tipo de persoas usuarias, mediante o emprego de soportes cunha linguaxe sinxela e lectura fácil.

3. A sinalización dos espazos e dos equipamentos dos edificios terá en consideración a iluminación e as demais condicións visuais, acústicas e, se é o caso, táctiles e en linguaxe sinxela que permitan a súa percepción a persoas con discapacidade sensorial ou intelectual.

4. A información e a sinalización manteranse actualizadas. Todas as adaptacións, adecuacións e novos servizos de accesibilidade que se leven a cabo no edificio estarán debidamente sinalizados, tendo en conta os criterios de fácil comprensión sinalados nos puntos anteriores.

### Artigo 26. *Seguridade no caso de incendio*

1. Os edificios dispoñerán de ascensor de emerxencia con accesos desde cada planta, que posibilitará a evacuación prioritaria de persoas con discapacidade física, en función do seu uso e da altura de evacuación. Os elementos construtivos que delimitan a caixa do ascensor e as súas zonas de espera serán resistentes ao lume.
2. Dispoñeranse zonas de refuxio delimitadas por elementos resistentes ao lume para rescate e salvamento de persoas con discapacidade en todos os niveis onde non estea prevista unha saída de emerxencia accesible.
3. Os percorridos de evacuación, tanto cara ao espazo libre exterior como cara ás zonas de refuxio, estarán sinalizados conforme o establecido no Documento básico sobre seguridade de utilización, DB SI3, do Código técnico da edificación, e contarán igualmente con sinalización óptica, acústica e táctil axeitadas para facilitar a orientación de calquera persoa.
4. O edificio dispoñerá dos equipos e das instalacións adecuados para facer posible a detección do incendio, así como a transmisión óptica e acústica da alarma aos ocupantes, de xeito que se facilite a súa percepción por calquera persoa.

## Sección 4ª. Reserva de vivendas para persoas con discapacidade

### Artigo 27. *Reserva de vivendas accesibles*

1. Como mínimo un 4 % das vivendas totais previstas nos programas anuais de promoción pública deberán reservarse para persoas con discapacidade, na forma que se estableza regulamentariamente.
2. A obriga establecida no punto anterior alcanzará, igualmente, os proxectos de vivendas de calquera outro carácter que constrúan, promovan ou subvencionen as administracións públicas e demais entidades dependentes ou vinculadas ao sector público.
3. Nas promocións privadas de vivendas protexidas os promotores deberán reservar a proporción mínima que se estableza regulamentariamente e, en todo caso, respectarase o mínimo indicado no punto 1, coa excepción das promovidas para uso propio por parte de comunidades de propietarios, cooperativas de vivendas, asociacións legalmente constituídas ou por unha persoa individual, sempre que a vivenda constitúa a súa residencia habitual e permanente.
4. Estas vivendas reservadas para persoas con discapacidade deberán contar con características construtivas e de deseño que garantan o acceso e desenvolvemento cómodo e seguro das persoas con discapacidade. As plantas con vivendas accesibles dispoñerán de ascensor accesible ou de rampla accesible que as comunique coas plantas de entrada accesible ao edificio e coas que teñan elementos asociados a estas vivendas, tales como rochos ou prazas de aparcamento da vivenda accesible e espazos de uso comunitario.

5. Nos edificios en que, de acordo co establecido anteriormente, se proxecten vivendas adaptadas, deberá reservarse igual número de prazas de aparcamento adaptadas vinculadas a elas e deberá establecerse un itinerario adaptado que comunique os garaxes coas vivendas.

6. No caso das vivendas obxecto de reserva previstas neste artigo e destinadas ao alugamento, poderán adxudicárselles a persoas con discapacidade individualmente consideradas ou a asociacións ou fundacións integradas no sector non lucrativo da discapacidade, sempre que neste último suposto se destinen por parte desas entidades a usos sociais de inclusión e promoción da vida autónoma, como vivendas asistidas, vivendas compartidas ou vivendas de apoio, ou a proxectos de vida independente de persoas con discapacidade.

#### Artigo 28. *Garantías para a realización de obras de adaptación*

1. Nas promocións privadas de vivendas protexidas poderanse substituír as adaptacións interiores de vivendas reservadas para persoas con discapacidade, ao solicitarse a cualificación provisional, polo depósito dun aval suficiente dunha entidade financeira legalmente recoñecida que garanta a realización das obras necesarias para as adaptacións correspondentes, segundo o tipo de limitación que posúa a futura persoa usuaria, nos termos e nas condicións que se establezan regulamentariamente.

2. No suposto de que resulten vacantes, o/a promotor/a, logo da xustificación de falta de demanda ante o organismo competente e obtida a correspondente acreditación, poderá ofertar as vivendas para a súa adxudicación a persoas sen discapacidade, conforme os procedementos establecidos na normativa reguladora das ditas vivendas, recuperando o aval se for o caso. Determinarase regulamentariamente o procedemento ante o órgano responsable de emitir esta acreditación.

### Sección 5ª. Edificios de valor histórico-artístico

#### Artigo 29. *Edificios de valor histórico-artístico*

Os bens declarados protexidos como bens de interese cultural ou incluídos en catálogos municipais ou en plans especiais de protección por razón do seu particular valor histórico-artístico poderán ser obxecto daquelas solucións alternativas que permitan as mellores condicións de accesibilidade posibles sen incumprir a normativa específica reguladora destes bens, e incorporarán os elementos de mellora que non alteren o seu carácter ou os valores polos que son protexidos.

## CAPÍTULO III

### Disposicións sobre accesibilidade no transporte

#### Sección 1ª. Accesibilidade no transporte público

##### Artigo 30. *Normas xerais*

1. Os transportes públicos cuxa competencia corresponda á Administración autonómica ou á Administración local galega garantirán que o acceso e a utilización se realizará de maneira segura por calquera persoa.

2. Os medios de transporte público deben garantir a accesibilidade:

a) No acceso e na utilización dos espazos interiores e exteriores de uso público que formen parte das infraestruturas.

b) No acceso ao material móbil e ás zonas habilitadas no seu interior.

c) Nos produtos e servizos de uso público que formen parte do material móbil, das infraestruturas ou dos sistemas de información e de comunicación coas persoas usuarias.

3. Nas estacións de transporte público (terrestre, marítimo e aéreo) que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia ou da Administración local, e que se determinen en razón da relevancia do tráfico de viaxeiros e viaxeiras, promoverase a prestación de servizo de intérpretes de lingua de signos e guías intérpretes, de carácter presencial ou mediante teleinterpretación, e de medios de apoio á comunicación oral nos puntos de información e atención ao público.

4. Estableceranse regulamentariamente as condicións de accesibilidade que deberán cumprir os medios de transporte público, sen prexuízo do establecido na normativa básica estatal de aplicación.

##### Artigo 31. *Adaptación das infraestruturas e do material móbil existente*

As administracións públicas competentes en materia de transporte público de Galicia realizarán e manterán debidamente actualizado un plan de implantación progresiva da accesibilidade dos transportes públicos, así como dos edificios, servizos, instalacións e mobiliario vinculados a eles, e sen prexuízo do establecido na normativa básica estatal de aplicación.

## Sección 2ª. Tarxetas de accesibilidade

### Artigo 32. *Tarxetas de accesibilidade*

1. Establécense na Comunidade Autónoma de Galicia dous tipos de tarxetas de accesibilidade: a tarxeta de estacionamento e a tarxeta de persoas usuarias.

2. Poderán ser persoas beneficiarias das tarxetas de accesibilidade as persoas con mobilidade reducida, segundo o baremo establecido no Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, a declaración e a cualificación do grao de discapacidade, ou que teñan recoñecida unha discapacidade visual que implique un grao das limitacións na actividade igual ou superior ao 75 %.

3. A tarxeta de estacionamento, acreditativa da situación das persoas con mobilidade reducida, concederáselles a estas, con carácter persoal e intransferible, de cara a favorecer o uso dos transportes privados e para que o seu titular poida gozar das facilidades de estacionamento relacionadas con ela.

Os concellos terán que aprobar normativas que garantan e favorezan a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida, e que, con respecto ás persoas titulares destas tarxetas, serán, como mínimo, as seguintes:

a) Reservas con carácter permanente de prazas de aparcamento debidamente sinalizadas para vehículos que transporten persoas con mobilidade reducida. Situaranse próximas aos accesos peonís, dentro das zonas destinadas a aparcadoiro de vehículos lixeiros, ben sexan exteriores, interiores ou subterráneos. O número destas prazas non se verá afectado polas políticas restritivas do aparcadoiro que se leven a cabo para fomentar a mobilidade sustentable.

b) Ampliación do límite de tempo cando este estea establecido para o aparcamento de vehículos de persoas con mobilidade reducida.

c) Autorización para que os vehículos ocupados por estas persoas poidan deterse na vía pública durante o tempo imprescindible e sempre que non entorpezan a circulación rodada ou peonil.

4. A tarxeta de persoas usuarias, acreditativa da situación das persoas con mobilidade reducida, concederáselles a estas, con carácter persoal e intransferible e con validez en todo o ámbito da Comunidade Autónoma, de cara a favorecer o uso dos transportes públicos.

Os concellos terán que aprobar normativas que garantan e que favorezan a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida, e que, con respecto ás persoas titulares de tarxetas, serán, como mínimo, as seguintes:

a) Reserva de prazas nos transportes públicos.

b) Condicións para a bonificación nas tarifas dos transportes de competencia municipal para as persoas que dispoñan da tarxeta de accesibilidade.



5. A Administración local velará, mediante as accións de seguimento e vixilancia que considere oportunas, para evitar o uso indebido destas tarxetas e poderá retiralas unha vez que se comprobe un uso indebido e reiterado *destas*.

*Artigo 33. Expedición das tarxetas de accesibilidade*

1. As tarxetas de accesibilidade terán validez en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e correspóndelle ao concello no que resida a persoa solicitante a súa expedición, logo da acreditación da súa condición de persoa con mobilidade reducida, segundo o baremo establecido no Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, a declaración e a cualificación do grao de discapacidade.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma, na normativa que desenvolva esta lei, establecerá as características e os requisitos aos que deberán axustarse as tarxetas de accesibilidade.

## CAPÍTULO IV

### Disposicións sobre accesibilidade na comunicación

*Artigo 34. Accesibilidade dos sistemas de comunicación e sinalización*

1. As administracións públicas de Galicia deberán promover a supresión de barreiras na comunicación e o establecemento de mecanismos e alternativas técnicas e humanas, como os/as intérpretes de lingua de signos, que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación, en todos os ámbitos e segundo o establecido na Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas. Empregarase, así mesmo, o sistema de lectura fácil e adaptaranse os sistemas de comunicación para facelos accesibles e comprensibles para todas as persoas.

2. As administracións públicas de Galicia fomentarán a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e de guías intérpretes de persoas xordas, con discapacidade auditiva e persoas xordocegas, de xeito que se lle facilite a comunicación directa á persoa, e así mesmo promoverán a existencia nas distintas administracións públicas deste persoal especializado.

3. Os medios de comunicación audiovisual dependentes das administracións públicas de Galicia realizarán e manterán, debidamente actualizado, un plan de medidas técnicas que permita gradualmente, mediante a incorporación da subtitulación, a audiodescrición e a interpretación en lingua de signos, garantirles o dereito á información ás persoas con discapacidade, nos termos establecidos especificamente na lexislación xeral audiovisual.

4. Así mesmo, garantirase o dereito das persoas xordas, con discapacidade auditiva ou xordocegueira a acceder acompañadas dos profesionais da lingua de signos e dos medios de apoio á comunicación oral a todos os ámbitos de participación, sexan da carácter público ou privado, cando a persoa con discapacidade auditiva ou xordocegueira así o requira.

#### Artigo 35. *Sociedade da información e das telecomunicacións*

No ámbito da sociedade da información e das telecomunicacións, a Administración xeral e o resto do sector público autonómico de Galicia velarán pola accesibilidade universal e deseño para todos, en elementos como a sinatura electrónica e o acceso a páxinas web públicas, así como no acceso aos servizos públicos. Así mesmo, promoverán medidas tendentes a garantir unha progresiva mellora na accesibilidade a webs e servizos privados. No ámbito das súas competencias promoverán programas dirixidos a que por parte de todos os operadores de telecomunicacións se garanta o acceso universal aos servizos de atención á clientela e á cidadanía da Comunidade Autónoma. De igual xeito, promoverase o asinamento de convenios cos operadores de televisión dixital e radio que desenvolvan a súa actividade no ámbito da Comunidade Autónoma.

## CAPÍTULO V

### Símbolo internacional de accesibilidade

#### Artigo 36. *Símbolo internacional de accesibilidade*

1. Co obxecto de identificar o acceso e as posibilidades de uso de espazos, instalacións e servizos accesibles, deberase sinalar permanentemente co símbolo internacional de accesibilidade homologado o seguinte:

- a) Os itinerarios peonís accesibles dentro das áreas de estancia, cando existan itinerarios alternativos non accesibles.
- b) As prazas de aparcamento reservadas para persoas con mobilidade reducida e os itinerarios peonís accesibles de acceso a elas, incluídas as reservadas en instalacións de uso público.
- c) As cabinas de aseo público accesibles.
- d) As paradas do transporte público accesible, incluídas as de taxi, nas que exista un servizo permanente de vehículo adaptado.

2. O deseño, estilo, forma e proporción do símbolo internacional de accesibilidade corresponderase co indicado pola norma internacional ISO 7000, que regula unha figura en cor branca sobre fondo azul Pantone Reflex Blue.

## CAPÍTULO VI

### Acceso aos bens e servizos á disposición do público e relacións coas administracións públicas

Artigo 37. *Acceso aos bens e servizos das administracións públicas de Galicia*

1. Forman parte do obxecto desta lei a accesibilidade e o deseño para todos no ámbito do acceso aos bens e servizos das administracións públicas, especialmente no referido aos recursos humanos e materiais e ás oficinas de atención ao público, así como no relacionado co acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos e ao desenvolvemento da Administración electrónica na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. As administracións públicas de Galicia adoptarán as medidas necesarias para garantir a efectiva accesibilidade universal de calquera persoa nas súas relacións coa Administración, de acordo co marco normativo aplicable.

## TÍTULO II

### Medidas de control

## CAPÍTULO ÚNICO

### Instrumentos de control

Artigo 38. *Instrumentos de control*

Son instrumentos de control as licenzas, autorizacións, visados e pregos de prescricións técnicas dos contratos administrativos do sector público, sen prexuízo de calquera outro que veña exixido pola normativa sectorial que, en cada caso, resulte de aplicación.

Artigo 39. *Licenzas e autorizacións*

1. Correspóndelles aos concellos e á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito das súas competencias, exixir e verificar o cumprimento do disposto nesta lei, e na súa normativa de desenvolvemento, nas aprobacións de instrumentos urbanísticos e no outorgamento de licenzas, autorizacións e cualificacións de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública, así como a comprobación do cumprimento das normas de accesibilidade naquelas actividades suxeitas a comunicación previa ou declaración responsable.

2. Para estes efectos, os distintos instrumentos urbanísticos, así como os proxectos de edificación ou construción, deberán facer constar expresamente na súa memoria que se cumpre esta lei.

#### Artigo 40. *Contratos administrativos*

Os pregos de prescricións técnicas que rexan os contratos administrativos do sector público definiranse tendo en conta criterios de accesibilidade universal e de deseño para todas as persoas, tal como son definidos estes termos no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. De non ser posible definir as prescricións técnicas tendo en conta criterios de accesibilidade universal e de deseño para todos, deberá motivarse suficientemente esta circunstancia.

#### Artigo 41. *Visado de proxectos técnicos*

Os colexios profesionais que teñan atribuída competencia no visado dos proxectos técnicos necesarios para a obtención de licenzas, tanto se o visado se efectúa con carácter obrigatorio como se ten carácter voluntario, denegaranlles os visados aos proxectos que conteñan algunha infracción das normas contidas na presente lei e nas disposicións que a desenvolvan.

#### Artigo 42. *Accesibilidade no transporte e na comunicación*

As administracións públicas de Galicia con competencia para regular e autorizar a concesión, o uso e a utilización dos medios de transporte, os servizos da sociedade da información e as telecomunicacións a que se refire esta lei observarán nas súas disposicións e farán cumprir nos expedientes que para tal efecto se tramiten as determinacións da presente lei e as que se establezan regulamentariamente.

#### Artigo 43. *Controis de execución*

En todas as actuacións suxeitas ao cumprimento das determinacións recollidas na presente lei e regulamentos que a desenvolvan, a Administración competente na concesión da autorización administrativa comprobará que a execución se axusta ao proxecto aprobado, de acordo coas disposicións recollidas na presente lei e nos regulamentos que a desenvolvan.

## TÍTULO III

### Réxime sancionador

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 44. *Competencia sancionadora*

Correspóndelle á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a competencia para sancionar as condutas tipificadas como infraccións en materia de accesibilidade nesta lei que se cometan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra índole en que se poida incurrir.

#### Artigo 45. *Obxecto das infraccións*

Consideraranse infraccións administrativas en materia de accesibilidade as accións e omisións que ocasionen vulneracións do dereito á igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade nos ámbitos a que se refire o artigo 4, cando se produzan discriminacións directas ou indirectas, acosos ou o incumprimento das exixencias de accesibilidade e de realizar axustes razoables, así como o incumprimento das medidas de acción positiva legalmente establecidas, especialmente cando deriven beneficios económicos para a persoa infractora.

#### Artigo 46. *Actuacións ou omisións infractoras*

1. Cada feito infractor, xa sexa unha actuación ou unha omisión, será sancionado independentemente aplicando a sanción correspondente, agás no suposto de que un feito constituía dúas ou máis infraccións ou cando da comisión dunha infracción derive necesariamente a comisión doutra ou doutras, caso en que se impondrá a sanción correspondente á infracción máis grave.
2. Considérase que un feito infractor é independente doutro cando a comisión dun poida realizarse sen a realización doutro, e viceversa. Neste suposto impondéranse tantas sancións como feitos realizados.
3. Será sancionada como infracción continuada a realización dunha pluralidade de accións ou omisións que infrinxan o mesmo ou semellantes preceptos administrativos, en execución dun plan preconcebido ou aproveitando unha idéntica ocasión.

## CAPÍTULO II

### Infraccións e sancións

#### Artigo 47. *Clasificación das infraccións*

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

#### Artigo 48. *Infraccións leves*

Considéranse infraccións leves as condutas que incorran en calquera incumprimento que afecte as obrigas meramente formais do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, e nas súas normas de desenvolvemento, así como nas previsións da presente lei e a súa normativa de desenvolvemento.

#### Artigo 49. *Infraccións graves*

Considéranse infraccións graves as seguintes:

- a) Os actos discriminatorios ou as omisións que supoñan directa ou indirectamente un trato menos favorable á persoa con discapacidade en relación con outra persoa que se atope nunha situación análoga ou comparable.
- b) O incumprimento das exixencias de accesibilidade, así como a negativa a adoptar as medidas de axuste razoable, a que se refire o artigo 66 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, e as súas normas de desenvolvemento.
- c) O incumprimento dun requirimento administrativo específico que formulen os órganos competentes para o exercicio das competencias necesarias para lles dar cumprimento ás previsións do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, así como ás previsións da presente lei e da súa normativa de desenvolvemento.
- d) Calquera forma de presión exercida sobre a persoa con discapacidade ou sobre outras persoas físicas ou xurídicas que inicien ou pretendan iniciar calquera clase de acción legal.
- e) O incumprimento por parte das persoas obrigadas das normas sobre accesibilidade dos contornos, instrumentos, equipos e tecnoloxías, medios de transporte, medios de comunicación e dos produtos e servizos á disposición do público que obstaculice ou limite o seu acceso ou utilización regulares polas persoas con discapacidade.

f) A comisión, nun prazo de tres meses e por tres veces, dunha infracción leve.

#### Artigo 50. *Infraccións moi graves*

Considéranse infraccións moi graves as seguintes:

a) Toda conduta de acoso relacionada coa discapacidade, nos termos do artigo 66 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, e as súas normas de desenvolvemento.

b) O incumprimento reiterado dos requirimentos administrativos específicos que formulen os órganos competentes para o exercicio das competencias necesarias para dar cumprimento ás previsións do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, e as súas normas de desenvolvemento, así como ás previsións da presente lei e a súa normativa de desenvolvemento.

c) Calquera forma de presión exercida sobre as autoridades no exercicio das potestades administrativas que se exerzan para a execución das medidas previstas no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, e nas súas normas de desenvolvemento, así como ás previsións da presente lei e a súa normativa de desenvolvemento.

d) O incumprimento por parte das persoas obrigadas das normas legais sobre accesibilidade na planificación, deseño e urbanización dos contornos, produtos e servizos á disposición do público que impida o libre acceso e a utilización regulares polas persoas con discapacidade.

e) O incumprimento por parte das persoas obrigadas das normas legais sobre accesibilidade que impida ou que dificulte gravemente o exercicio dos dereitos fundamentais e o gozo das liberdades públicas por parte das persoas con discapacidade.

f) A comisión, nun prazo dun ano, de tres infraccións graves.

#### Artigo 51. *Sancións*

1. As infraccións serán sancionadas con multas que irán desde un mínimo de 301 euros ata un máximo de 1.000.000 de euros.

2. Para as infraccións leves, o importe da sanción irá desde un mínimo de 301 ata un máximo de 30.000 euros.

3. Para as infraccións graves, o importe da sanción irá desde un mínimo de 30.001 ata un máximo de 90.000 euros.

4. Para as infraccións moi graves, o importe da sanción irá desde un mínimo de 90.001 ata un máximo de 1.000.000 de euros.

#### Artigo 52. *Sancións accesorias*

1. Cando as infraccións sexan moi graves, os órganos competentes poderán propoñer, ademais da sanción que proceda, a supresión, cancelación ou suspensión total ou parcial das axudas oficiais, consistentes en subvencións e calquera outra que a persoa sancionada teña recoñecida ou solicitada no sector de actividade en cuxo ámbito se produce a infracción.

Así mesmo, tamén poderá acordarse, adicionalmente, a suspensión da actividade de que se trate por un período máximo de tres anos.

2. Cando as infraccións sexan graves ou moi graves, os órganos competentes poderán propoñer, ademais da sanción que corresponda, a prohibición de concorrer a procedementos de concesión de subvencións ou calquera outra axuda no sector de actividade en cuxo ámbito se produce a infracción que sexa convocada pola Administración sancionadora.

#### Artigo 53. *Prescrición das infraccións*

1. As infraccións a que se refire esta lei cualificadas como leves prescribirán ao ano; as cualificadas como graves, aos tres anos; e as cualificadas como moi graves, aos catro anos.

2. O prazo de prescrición comezará a computarse desde o día en que a infracción se cometeu. No caso de infracción continuada, o prazo de prescrición empezará a computarse desde o día en que se realizou a última das accións tipificadas incluídas naquela.

3. Interromperá a prescrición a iniciación do procedemento sancionador con coñecemento da persoa interesada, e volverá transcorrer o prazo de prescrición se o expediente sancionador está paralizado durante seis meses por causa non imputable á persoa presuntamente responsable.

#### Artigo 54. *Prescrición das sancións*

1. As sancións a que se refire esta lei cualificadas como leves prescribirán ao ano; as cualificadas como graves, aos catro anos; e as cualificadas como moi graves, aos cinco anos.

2. O prazo de prescrición das sancións comezará a computarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impoña a sanción.

3. Interromperá a prescrición a iniciación do procedemento sancionador co coñecemento da persoa interesada, e volverá transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante seis meses por causa non imputable ao infractor.



#### Artigo 55. *Actualización da contía das sancións*

A contía das multas previstas nesta lei poderá ser actualizada mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, segundo a evolución do índice de prezos de consumo na Comunidade Autónoma de Galicia, e de acordo co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 49/2007, do 26 de decembro, pola que se establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

#### Artigo 56. *Graduación das sancións*

1. As sancións aplicaranse en grao mínimo, medio e máximo, segundo os seguintes criterios:

- a) Intencionalidade da persoa infractora.
- b) Neglixencia da persoa infractora.
- c) Fraude ou conivencia.
- d) Incumprimento das advertencias previas.
- e) Cifra de negocios ou ingresos da empresa ou entidade.
- f) Número de persoas afectadas.
- g) Permanencia ou transitoriedade das repercusións das infraccións.
- h) Reincidencia, por comisión no prazo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.
- i) Alteración social producida pola realización de condutas discriminatorias e de acoso ou por inobservancia ou incumprimento das exixencias de accesibilidade e das exixencias de eliminación de obstáculos e de realizar axustes razoables.
- j) Beneficio económico xerado para a persoa autora da infracción.

2. Consideraranse circunstancias atenuantes a realización de actuacións que reparasen ou diminuísen o dano causado antes do inicio do procedemento sancionador.

#### Artigo 57. *Multas coercitivas*

1. Independentemente da sanción que corresponda polas infraccións establecidas na presente lei, poderán impoñerse multas coercitivas, segundo o disposto no artigo 99 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O importe destas será dun dez por cento sobre a contía da sanción imposta por cada día que pase desde a notificación da resolución sen cumprirse o requirimento correspondente.

3. A imposición de multas coercitivas é independente da imposición de multas en concepto de sanción que corresponda impoñer e é compatible con estas.

## CAPÍTULO III

### Responsables das infraccións

#### Artigo 58. *Suxeitos responsables*

1. Son suxeitos responsables das infraccións as persoas físicas e/ou xurídicas que incorran nas accións ou omisións tipificadas nesta lei como infraccións.

2. Cando unha infracción se lle impute a unha persoa xurídica, serán consideradas persoas responsables as persoas que formen parte dos seus órganos reitores ou de dirección, sempre que a conduta destas contribuíse, por acción ou omisión imprudente, á comisión da infracción de que se trate.

3. No caso de infraccións cometidas por persoas xurídicas que se extingan ou que se atopen en situación concursal antes de seren sancionadas, a responsabilidade administrativa deberáse-lles exixir tamén ás persoas físicas que compoñan os órganos de dirección ou administración no momento da comisión da infracción, sempre que a conduta destas contribuíse, por acción ou omisión imprudente, á comisión da infracción de que se trate.

4. A responsabilidade será solidaria cando sexan varias as persoas responsables e non sexa posible determinar o grao de participación de cada unha delas na comisión da infracción.

5. Serán responsables subsidiarios ou solidarios as persoas físicas e xurídicas privadas polo incumprimento das obrigas que supoñan o deber de previr a infracción administrativa cometida por outros.

6. As multas que se lles impoñan aos diferentes suxeitos como consecuencia dunha mesma infracción terán entre si carácter independente.

## CAPÍTULO IV

### Procedemento sancionador

#### Artigo 59. *Iniciación do procedemento sancionador*

1. Os procedementos sancionadores iniciaranse de oficio por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, por petición razoada doutros órganos ou por denuncia.

Enténdese por:

a) Propia iniciativa: a actuación derivada do coñecemento directo ou indirecto das condutas ou dos feitos susceptibles de constituír infracción polo órgano que ten atribuída a competencia de inicio.

b) Orde superior: a orde emitida por un órgano administrativo superior xerárquico da unidade administrativa que constitúe o órgano competente para a iniciación, e que deberá expresar, na medida do posible, a persoa ou as persoas presuntamente responsables, as condutas ou os feitos que poidan constituír infracción administrativa e a súa tipificación, así como o lugar e mais a data ou o período de tempo continuado en que os feitos se produciron.

c) Petición razoada: a proposta de inicio do procedemento formulada por calquera órgano administrativo que non ten competencia para inicialo e que tivo coñecemento das condutas ou dos feitos que poidan constituír infracción, ben ocasionalmente ou ben por ter atribuídas as funcións de inspección, indagación ou investigación. As peticións deberán especificar, na medida do posible, a persoa ou as persoas presuntamente responsables, as condutas ou os feitos que poidan constituír infracción administrativa e a súa tipificación, así como o lugar e mais a data ou as datas ou o período de tempo continuado en que os feitos se produciron.

d) Denuncia: o acto polo que calquera persoa, en cumprimento ou non dunha obriga legal, pon en coñecemento dun órgano administrativo a existencia dun determinado feito que poida constituír unha infracción administrativa. As denuncias deberán expresar a identidade da persoa ou das persoas que as presentan, o relato dos feitos que poidan constituír unha infracción administrativa e a data da súa comisión e, cando sexa posible, a identificación das persoas presuntamente responsables.

2. A formulación dunha petición non vincula o órgano competente para iniciar o procedemento sancionador, aínda que lle deberá comunicar ao órgano que a formulase os motivos polos que, se é o caso, non procede a iniciación do procedemento.

3. Cando se presente unha denuncia, deberáselle comunicar á persoa denunciante a iniciación ou non do procedemento cando a denuncia vaia acompañada dunha solicitude de iniciación.

4. Poderanse iniciar sucesivos expedientes sancionadores mentres o suxeito responsable persista na realización dunha actuación ou omisión infractora, e aplicarase a reincidencia ou a reiteración segundo proceda.

#### Artigo 60. *Procedemento sancionador*

1. As infraccións tipificadas nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento serán sancionadas de acordo coa normativa vixente sobre o procedemento sancionador prevista nos artigos 134 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. As persoas con discapacidade, as súas familias e as organizacións representativas e asociacións nas que se integran terán a consideración de interesadas nestes procedementos, nos termos previstos no artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Contra o acordo de arquivamento das actuacións ou resolución desestimatoria expresa ou tácita da denuncia ou posta en coñecemento da Administración de posibles infraccións previstas nesta lei, as organizacións e asociacións referidas anteriormente estarán lexitimadas para interpoñer os recursos ou, se é o caso, as accións que consideren procedentes como representantes de intereses sociais.

#### Artigo 61. *Actuacións previas*

1. Con anterioridade á iniciación do procedemento poderanse realizar actuacións previas, co obxecto de determinar con carácter preliminar se concorren circunstancias que xustifiquen tal iniciación. En especial, estas actuacións orientaranse a determinar, coa maior precisión posible, os feitos susceptibles de motivar a incoación do procedemento, a identificación da persoa ou das persoas que poidan resultar responsables e as circunstancias relevantes que concorran nuns e noutros.

2. As actuacións previas serán realizadas polos órganos que teñan atribuídas funcións de investigación, indagación e inspección na materia ou pola persoa ou o órgano administrativo que determine o órgano competente para a iniciación ou a resolución do procedemento.

#### Artigo 62. *Arquivamento de actuacións previas*

1. Procederá o arquivamento definitivo das actuacións previas cando non existan indicios de que se realizase o feito susceptible de constituír infracción ou cando este non supoña a comisión dunha infracción en materia de accesibilidade.

2. Procederá o arquivamento provisional das actuacións previas cando non existan indicios de proba dun feito denunciado susceptible de constituír infracción necesarios para a iniciación dun expediente sancionador ou cando se descoñezan os seus presuntos responsables.

3. Nos supostos de arquivamento provisional, se con posterioridade a este aparecen indicios de proba do feito denunciado susceptible de constituír infracción necesarios para a iniciación dun expediente sancionador ou se se identifican os seus presuntos responsables, poderase iniciar o expediente sancionador correspondente.

#### Artigo 63. *Colaboración na tramitación dos procedementos*

Todas as persoas físicas e xurídicas teñen o deber de facilitar o labor dos órganos e das autoridades para a aplicación do disposto na presente lei, e para isto deben achegar nun prazo razoable os datos, documentos, informes ou aclaracións que, por seren necesarios para o esclarecemento dos feitos, lles sexan solicitados, e facilitar, co aviso previo, o acceso ás súas dependencias, agás que estas coincidan co seu domicilio, caso en que deberá obterse consentimento expreso ou o mandato xudicial correspondente.

#### Artigo 64. *Medidas de carácter provisional*

1. Consonte o previsto nos artigos 72 e 136 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o órgano competente para resolver poderá adoptar en calquera momento, mediante acordo motivado, as medidas de carácter provisional que resulten necesarias para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer e a boa fin do procedemento e para evitar que se manteñan os efectos da infracción e salvagardar os intereses xerais.

2. Cando así o exixan razóns de urxencia inaprazable, o órgano competente para iniciar o procedemento ou o órgano instrutor poderán adoptar as medidas provisionais que resulten necesarias.

#### Artigo 65. *Caducidade*

Se non se notificase resolución sancionadora logo de que transcorra un ano desde o inicio do procedemento, producirase a súa caducidade, segundo o establecido no artigo 44.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 66. *Órganos competentes para a imposición das sancións*

Son órganos competentes para a imposición das sancións previstas nesta lei os seguintes:

a) Para as infraccións leves, o secretario ou secretaria xeral ou o director ou directora xeral con competencias en materia de atención ás persoas con discapacidade da consellaría competente nesta materia.

b) Para as infraccións graves, a persoa titular da consellaría competente en materia de atención ás persoas con discapacidade.

c) Para as infraccións moi graves, o Consello da Xunta.

#### Artigo 67. *Publicidade das resolucións sancionadoras*

A resolución firme en vía administrativa dos expedientes sancionadores por faltas graves e moi graves farase pública cando así o acorde a autoridade administrativa que a adoptase, para o cal se solicitará con carácter previo o oportuno informe da Axencia Española de Protección de Datos ou da autoridade autonómica competente.

#### Artigo 68. *Garantía de accesibilidade dos procedementos*

Os procedementos sancionadores que se incoen segundo o establecido nesta lei deberán estar documentados en soportes que sexan accesibles para as persoas con discapacidade e será obriga da autoridade administrativa facilitarlles ás persoas con discapacidade o pleno exercicio dos dereitos previstos nestes procedementos.

## TÍTULO IV

### Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras. Comisión Técnica de Accesibilidade

## CAPÍTULO I

### Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras

#### Artigo 69. *O Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras*

1. O Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras, creado pola Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras de Galicia, é o órgano de participación e consulta en materia de accesibilidade.<sup>3</sup>

2. O Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras está adscrito á consellaría competente en materia de atención ás persoas con discapacidade e está

<sup>3</sup> Téñase en conta que, de acordo coa disposición derogatoria única da Lei 10/2014, do 3 de decembro, mantén a súa vixencia o punto 1 do artigo 44 da Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 166, do 29 de agosto de 1997), conforme co cal:

“1. Créase o Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras como órgano de participación e consulta.”

composto por un número máximo de quince membros, en representación da Comunidade Autónoma, das corporacións locais, das entidades públicas e privadas e das asociacións e colexios profesionais con interese na materia. A súa composición terá en conta o cumprimento da normativa en materia de igualdade.

3. Son funcións do Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras o asesoramento, a información, as propostas de criterios de actuación e o fomento do disposto nesta lei, así como aquelas outras que se lle atribúan regulamentariamente.<sup>4</sup>

4. A organización e o funcionamento do Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras estableceranse regulamentariamente.

## CAPÍTULO II

### Comisión Técnica de Accesibilidade

#### Artigo 70. A Comisión Técnica de Accesibilidade

1. A Comisión Técnica de Accesibilidade, creada pola Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras de Galicia, é o órgano administrativo competente para a tramitación dos expedientes sancionadores e para o asesoramento técnico en materia de accesibilidade e supresión de barreiras, e está adscrita á consellaría competente en materia de atención ás persoas con discapacidade.<sup>5</sup>

2. A Comisión Técnica de Accesibilidade estará integrada por representantes das consellarías competentes en materia de atención ás persoas con discapacidade, urbanismo, vivenda e mobilidade. Establecerase regulamentariamente a súa composición e réxime de funcionamento.

3. Son funcións da Comisión Técnica de Accesibilidade:

- a) O asesoramento técnico e a información en materia de accesibilidade e supresión de barreiras.
- b) A incoación, tramitación e proposta de resolución á autoridade competente dos expedientes sancionadores en materia de accesibilidade.
- c) Calquera outra función que lle poida ser encomendada regulamentariamente.

<sup>4</sup> Conforme o artigo 49 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 30 de decembro de 2014):  
*"Artigo 49. Informe do Consello Autonómico para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras sobre solucións alternativas a itinerarios peonís O informe do Consello Autonómico para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras previsto no artigo 16.7 do Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable. No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, se é o caso, as normas vulneradas."*

<sup>5</sup> Téñase en conta que, de acordo coa disposición derogatoria única da Lei 10/2014, do 3 de decembro, mantén a súa vixencia o parágrafo primeiro do punto 1 do artigo 40 da Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 166, do 29 de agosto de 1997), conforme co cal:  
*"1. Créase a Comisión Técnica de Accesibilidade como órgano administrativo competente para a tramitación dos expedientes sancionadores derivados desta lei."*

Disposición adicional primeira. *Adaptación e supresión de barreiras existentes*

As administracións públicas de Galicia, no ámbito das súas competencias, elaborarán os plans de adaptación e supresión de barreiras previstos nesta lei, respectando os prazos establecidos no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

As administracións públicas de Galicia establecerán anualmente, segundo as súas dispoñibilidades orzamentarias, fondos para investimentos destinados ao cumprimento das condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación.

Disposición adicional segunda. *Plans de evacuación e seguridade*

Determinaranse regulamentariamente os plans de evacuación e seguridade dos espazos, edificacións e servizos de concorrencia ou uso público, co fin de garantir a súa adecuación ás necesidades das persoas con mobilidade reducida.

Disposición adicional terceira. *Accións formativas e sensibilización social*

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá campañas informativas e educativas dirixidas á poboación en xeral, co fin de sensibilizala na discriminación que sofren as persoas con discapacidade cando non existe accesibilidade.

Así mesmo, fomentará a realización de xornadas, cursos e publicacións dirixidos a responsables políticos/as, funcionarios/as, profesorado galego e inspección educativa, técnicos/as e colectivos de persoas con discapacidade, co obxecto de divulgar o contido desta lei e da demais normativa aplicable en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras.

Disposición adicional cuarta. *Excepcións*

Cando existan circunstancias específicas que non permitan que un espazo, servizo ou instalación poida acadar o cumprimento estrito da normativa vixente sen requirir medios técnicos e económicos desproporcionados, as administracións públicas que deban outorgar licenzas e autorizacións de calquera tipo poderán adoptar solucións alternativas. Establecerase regulamentariamente en que supostos e con que limitacións se poden aceptar estas solucións alternativas e en que casos será preceptivo o informe favorable da Comisión Técnica de Accesibilidade.

Disposición adicional quinta. *Instalación de ascensores e vivendas de uso exclusivo para persoas con discapacidade*

A exigencia da instalación de ascensor nos edificios de vivenda de obra nova axustarase ao establecido no punto I.B.3.4 («Ascensores») do anexo I das Normas de habitabilidade de vivendas NHV-2010, do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.



Nas vivendas de obra consolidada haberá que aterse ao disposto na Lei de propiedade horizontal, así como nas actualizacións da regulación autonómica correspondente que resulten de aplicación.

Disposición adicional sexta. *Accesibilidade e deseño para persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas*

Os aspectos de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas axustaranse ao establecido na Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición adicional sétima. *Vivendas de promoción pública*

As vivendas de promoción pública reservadas a persoas con discapacidade deberán adaptarse ás necesidades derivadas da discapacidade da persoa adxudicataria. O promotor estará obrigado a realizar as mencionadas adaptacións.

Disposición adicional oitava. *Información ao Parlamento*

O departamento da Xunta de Galicia competente en materia de accesibilidade remitirá ao Parlamento, con carácter bienal, un informe sobre a aplicación desta lei.

Disposición transitoria primeira. *Plans urbanísticos e instrumentos de planeamento*

Os plans xerais de ordenación urbana, as normas subsidiarias de planeamento e os demais instrumentos de planeamento que os desenvolven aprobados definitivamente no momento da entrada en vigor desta lei adaptaranse ás determinacións e aos criterios técnicos contidos nela e no regulamento de desenvolvemento na súa primeira revisión. Non se superará, en todo caso, o prazo de cinco anos desde a entrada en vigor desta lei e sen prexuízo do establecido no réxime transitorio previsto no Real decreto 173/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Código técnico da edificación, aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, en materia de accesibilidade e non-discriminación das persoas con discapacidade.

Malia o anterior, as prescricións contidas nesta lei prevalecerán sobre as eventuais determinacións que se opoñan a ela contidas nos plans urbanísticos e demais instrumentos de planeamento, así como nas ordenanzas municipais vixentes, na data da súa entrada en vigor.

Disposición transitoria segunda. *Proxectos de edificación e urbanización en tramitación*

Non será de aplicación o disposto nesta lei aos proxectos de edificación e urbanización que teñan concedida licenza de obra na data da súa entrada en vigor ou a teñan solicitada e lles sexa concedida nun prazo non superior a un ano.

Disposición transitoria terceira. *Tarxetas de accesibilidade*

Mentres non se produza o desenvolvemento regulamentario a que se refire o artigo 33 da presente lei, permanecerá vixente a regulación contida ao respecto no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición transitoria cuarta. *Normativa vixente*

As normas sobre accesibilidade vixentes no momento da entrada en vigor desta lei manterán a súa vixencia ata a entrada en vigor do desenvolvemento normativo recollido nela, sempre que non se opoñan ao establecido nela nin na normativa básica estatal na materia.

Disposición transitoria quinta. *Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras*

Mentres non se produza o desenvolvemento regulamentario a que se refire o artigo 69 da presente lei, permanecerán vixentes a organización e o funcionamento establecidos no título VI do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición transitoria sexta. *Comisión Técnica de Accesibilidade*

Mentres non se produza o desenvolvemento regulamentario a que se refire o artigo 70 da presente lei, permanecerán vixentes as funcións e a composición da Comisión Técnica de Accesibilidade establecidas no artigo 72 do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei e, en concreto, a Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, agás o establecido no parágrafo primeiro do punto 1 do artigo 40 e no punto 1 do artigo 44 da dita lei.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario*

No prazo de dous anos desde a entrada en vigor da lei, a Xunta de Galicia aprobará o regulamento de desenvolvemento e o código de accesibilidade que conteña todas as normas técnicas aplicables na materia.

No regulamento e no código de accesibilidade que se aproben en desenvolvemento desta lei deberán adoptarse, como mínimo, para definir a condición de accesible, os parámetros de accesibilidade que se definen no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que

se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, e na súa normativa de desenvolvemento.

Previamente á aprobación do regulamento de desenvolvemento e do código de accesibilidade, e ademais dos ditames previos necesarios, tales instrumentos normativos deberán ser obxecto de informe polas entidades locais a través dos seus órganos representativos, naqueles aspectos en que poidan resultar afectadas.

Disposición derradeira segunda. *Plan galego de accesibilidade*

A Xunta de Galicia, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, aprobará un Plan galego de accesibilidade. No seu deseño, aplicación e seguimento participará o Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras, e previamente á súa aprobación darase conta ao Parlamento de Galicia. Igualmente, de xeito anual remitirá ao Parlamento un informe do seguimento e grao de cumprimento.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario*

Autorízase o Consello da Xunta para ditar as disposicións precisas para o desenvolvemento e a execución do previsto nesta lei.<sup>6</sup>

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, tres de decembro de dous mil catorce

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

<sup>6</sup> Debe terse en conta, no que permaneza vixente, o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia